

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CABANAS

Bases da convocatoria de subvencións ao transporte de estudantes

ANUNCIO

Bases convocatoria subvencións a transporte de estudantes

Por Resolución da Alcaldía 888/2019, de data 20 de setembro de 2019, procedeuse á aprobación das bases da convocatoria de subvencións ao transporte e estudantes que cursen estudos en Ferrol, A Coruña ou Santiago de Compostela, durante o curso 2019-2020, sendo as que a continuación se relacionan:

BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS AO TRANSPORTE DE ESTUDANTES QUE CURSEN ESTUDOS EN FERROL, A CORUÑA OU SANTIAGO DE COMOSTELA, DURANTE O CURSO 2019-2020.

1.º. Obxecto.

O Concello de Cabanas pretende apoiar, durante o curso escolar 2019-2020, a aquela veciñanza que curse estudos universitarios ou de ciclo formativo de grao superior nas cidades de Ferrol, A Coruña ou Santiago de Compostela a través das seguintes axudas:

Contribuír ao financiamento dos desprazamentos en autobús nas empresas concesionarias de transporte até Ferrol, A Coruña ou Santiago de Compostela. Esta subvención materializarase a través da tarxeta metropolitana social no momento de efectuar a recarga por parte da persoa titular, mediante a compensación da porcentaxe correspondente do importe das viaxes realizadas no mes anterior, cun límite de 40 viaxes.

2.º. Finalidade da subvención.

A finalidade desta subvención é favorecer o desprazamento do alumnado que curse estudos universitarios ou de ciclo formativo de grao superior que necesite usar o autobús para os seus desprazamentos desde Cabanas até as cidades de Ferrol, A Coruña ou Santiago de Compostela.

3.º. Clases de axudas.

As axudas reguladas na presente convocatoria responderán á seguinte tipoloxía:

Axudas para facilitar o desprazamento desde Cabanas a Ferrol, A Coruña ou Santiago de Compostela para o estudante universitario ou de ciclo formativo de grao superior ao longo do curso escolar 2019 – 2020. Estas axudas terán unha vixencia anual, en tanto se manteñan as condicións que determinaron a súa concesión, e serán revisadas cada doce meses desde a súa concesión.

4. Dotación orzamentaria.

As axudas concedidas mediante as presentes bases serán imputadas á aplicación orzamentaria 3261.48100, Axudas para estudos, do vixente orzamento de gastos. Dado que o pagamento da subvención será efectuado de xeito progresivo durante todo o curso 2019-2020, resultan afectados dous exercicios orzamentarios. Para o exercicio 2019, o crédito que se adicará para esta finalidade ascende á contía de 2.000 euros, debéndose consignar no exercicio 2020 a cantidade de 5.000 euros.

5.º. Persoas beneficiarias.

As persoas beneficiarias haberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar empadroadada/o e ter residencia efectiva no Concello de Cabanas como mínimo desde un ano antes ao momento de facer a solicitude.

b) Estar matriculada/o na Universidade ou nun Ciclo Formativo de Grao Superior en Ferrol, A Coruña ou Santiago de Compostela no momento de facer a solicitude.

- c) Que a renda per cápita mensual da unidade familiar non sexa superior a dúas veces o valor do IPREM.
- d) Presentar toda a documentación requirida nestas bases.
- e) Non ter pendente de xustificación por parte da persoa solicitante ningunha subvención concedida polo Concello de Cabanas, sempre que se tivese finalizado o prazo de xustificación.

As persoas beneficiarias terán as seguintes obrigas ante o Concello de Cabanas:

- Cumprir a actividade obxecto da subvención.
- Someterse ás actividades de control realizadas por parte do Concello para comprobar a veracidade dos actos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requirimentos para a percepción da axuda e colaborar co Concello en ditas actuacións.
- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Seguridade Social.
- Comunicar ao Concello de Cabanas calquera modificación nas circunstancias exixidas para a concesión da axuda.
- As restantes previstas na “Ordenanza Reguladora das Axudas Ao Transporte Metropolitano Social do Concello de Cabanas”.

6.º. Solicitude.

6.1. Formalización.

A solicitude formalizarase no modelo de solicitude establecido a tal fin e presentarase no Rexistro Xeral do Concello ou por algunha outra forma establecida no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes de subvención terán que acompañarse da seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI da persoa solicitante
- b) Fotocopia na que sexa visíbel o número da súa Tarxeta Metropolitana de Galicia (TMG) e fotocopia do contrato de adquisición da tarxeta. A tarxeta debe adquirirse previamente á presentación da solicitude no concello.
- c) Fotocopia de matrícula efectuada na Universidade ou Ciclo Formativo de Grao Superior das cidades de Ferrol, A Coruña ou Santiago de Compostela.
- d) Fotocopia da declaración do IRPF do último ano ou, de non ter obriga de facela, certificación da Axencia Tributaria que o acredite e xustificantes de ingresos económicos da unidade familiar.
- e) Declaración responsábel de percibir / non percibir axuda algunha para a mesma finalidade. No caso de percibir algunha axuda, deberase indicar o seu importe.
- f) Declaración responsábel de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e da Seguridade Social, de non estar incurso/a en algunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas e de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, así como autorización ao Concello de Cabanas para que realice as comprobacións oportunas durante o período que dure o proceso.
- g) Volante empadramento no Concello de Cabanas de todos os membros da unidade familiar
- h) Certificación acreditativa, da situación sociolaboral e laboral familiar, segundo o establecido no punto 7 das presentes bases.

Naquelas solicitudes nas que se observe a falta de documentación fundamental para a súa valoración, procederase a requirir por escrito á persoa que formulou a solicitude para que no prazo de 10 días desde a recepción da comunicación, achegue a documentación requirida, indicándosele que, de non entregala, se terá por desistida a súa solicitude, previa resolución, segundo o establecido no artigo 68, da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

6.2. Prazos de presentación.

O prazo para entregar as solicitudes de subvencións ao transporte de estudantes será de 10 días naturais contados a partir do seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

As solicitudes hanse entregar no Rexistro Xeral do Concello en días laborábeis (de luns a venres) en horario de 8.30 a 14.00 ou por algunha outra forma establecida no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Este prazo é improrrogábel. As axudas tramitaranse con independencia de a persoa solicitante estar admitida/o ou aínda non nunha facultade ou centro de ciclo formativo de grao superior.

O alumnado que no momento de presentar a solicitude non teña a copia da matrícula, teñen de prazo até o 30 de novembro para entregala (deberán presentar no momento da solicitude un documento análogo que acredite dita matriculación). Na medida en que o prazo máximo para presentar a documentación remata o 30 de novembro, a axuda económica terá carácter provisorio para aquel alumnado ao que lle falte algún documento.

7.º. Procedemento.

A instrución do procedemento correspóndelle á Secretaría municipal, en colaboración coa área de Promoción Económica e Cultura, que deberán avaliar as solicitudes presentadas e requirir as emendas que procedan para que as mesmas cumpran cos requirimentos exixidos polas presentes bases. O prazo de emenda será de dez días improrrogábeis; no suposto de que os defectos se consideren non emendábeis, o órgano instrutor propondrá a inadmisión.

A proposta de concesión formularase polo órgano instrutor, e deberá:

- Facer constar que da información que obra no poder do órgano instrutor se desprende que as persoas beneficiarias propostas reúnen todos os requisitos necesarios para acceder á axuda.
- Ser motivada, segundo os criterios establecidos nas bases da convocatoria e Ordenanza reguladora das axudas ao transporte metropolitano social do Concello de Cabanas.
- Indicar as solicitudes para as que se propón a denegación, así como a causa da mesma.

A proposta do órgano instrutor someterase á aprobación da Alcaldía-Presidencia, que ditará resolución motivada, sendo posteriormente notificada a todas as persoas solicitantes, expresando se foi rexeitada ou aceptada a súa solicitude para os efectos de posibles recursos.

As axudas concederanse segundo o crédito dispoñíbel polo Concello de Cabanas na partida correspondente. No caso de que os gastos previstos polas solicitudes superen á partida destinada polo Concello, resolverase a súa concesión segundo a puntuación acadada por cada solicitude atendendo ao seguinte baremo:

a) Situación sociofamiliar:

a.1. Por discapacidade física, psíquica ou sensorial, enfermidade crónica que requira internamento periódico ou en situación de risco social:

Nai: 1 punto.

Pai: 1 punto.

Os membros da unidade familiar: 1 punto.

a.2. En situación de risco social do pai, nai, titor/a ou representante legal: 5 puntos

a.3. Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais: 2 puntos.

a.4. Pola condición de familia monoparental: 2 puntos.

a.5. Pola condición de familia numerosa: 2 puntos.

b) Situación laboral familiar:

b.1. Situación laboral de desemprego sen prestación económica:

Nai: 2 puntos.

Pai: 2 puntos.

b.2. Situación laboral de desemprego con prestación económica:

Nai: 1 punto.

Pai: 1 punto.

No caso de familias monoparentais, adxudicaráselle a puntuación do epígrafe correspondente multiplicado por dous.

c) Situación económica.

Renda per cápita mensual da unidade familiar, referida ao IPREM vixente:

Inferior ao 100% do IPREM: máis 6 puntos.

Entre o 100 e o 150% do IPREM: máis 5 puntos.

Entre o 150 e o 200% do IPREM: máis 4 puntos.

No caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per cápita máis baixa.

8.º. Resolución.

As solicitudes presentadas de conformidade co disposto nestas bases serán resoltas por Resolución da Alcaldía nun prazo máximo de 30 días, agás causa de forza maior, sendo a tal efecto vinculante a proposta de resolución efectuada polo órgano instructor.

A concesión e/ou denegación será comunicada por escrito á persoa interesada, explicando as causas que motivan a súa denegación, dentro do prazo máximo de 30 días naturais a contar desde a data de presentación e/ou subsanación da solicitude. Contra esta decisión, que pon fin á vía administrativa, a persoa interesada poderá formular os recursos previstos na normativa vixente sobre procedemento administrativo común e xurisdición contencioso administrativa.

9.º. Medidas de garantía.

O órgano concedente poderá realizar os controis administrativos e inspeccións que considere oportunos coa fin de comprobar a veracidade dos datos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda.

A persoa beneficiaria terá a obriga de colaborar en dita inspección, proporcionando os datos requiridos.

10.º. Causa de baixa.

Serán causas de baixa as recollidas na Ordenanza Reguladora das Axudas ao Transporte Metropolitano Social do Concello de Cabanas (BOP da Coruña n.º 58, do 27 de marzo de 2015).

11.º. Infraccións e sancións.

Serán de aplicación as infraccións e sancións establecidas nos artigos 13 e 14 da Ordenanza reguladora das Axudas ao Transporte Metropolitano Social do Concello de Cabanas.

12.º. Réxime xurídico.

A presente convocatoria realízase no marco da Ordenanza Reguladora das Axudas ao Transporte Metropolitano Social do Concello de Cabanas (BOP da Coruña n.º 58, do 27 de marzo de 2015), sendo de aplicación para o non previsto na mesma o establecido na devandita Ordenanza, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 38/2033, do 17 de novembro, Xeral de Subvención, Lei 9/2013, do 13 de xullo, de Subvencións de Galicia, e demais disposicións concordantes.

Cabanas, 20 de setembro de 2019.

O alcalde

Carlos Ladra Brage

2019/7621